

09Estudantes, deporte e cultura

En 2012 continuouse co fortalecemento das accións destinadas á información e divulgación dos títulos da Universidade da Coruña. Mantivéronse as edicións actualizadas dos programas *O teu futuro en boas mans*, orientado a difundir o coñecemento da nosa institución en todos os niveis do sistema educativo desde os propios centros e co apoio do SAPE.

Nesta liña, a UDC participou na Feira Unitur e asistiu á I edición de EDUGAL, mostra celebrada en Pontevedra que ten por finalidade dar a coñecer a oferta académica existente en Galicia. Ademais, participou na mostra Ensino Galicia 2012, na Coruña. Para alén disto, organizouse en colaboración co Concello da Coruña a XX edición das Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, que reuniron cerca de 1.650 estudantes procedentes do ensino medio e da formación profesional. Por fin, celebrouse por cuarto ano consecutivo a Feira de Asociacións de Estudantes, cunha alta participación do estudantado.

Como novidade, cómpre salientar a organización do *Foro Xuventude en Movemento* en colaboración coa Deputación da Coruña e Europe Directo, destinado a mellorar a empregabilidade do estudantado cunha estimación de mil visitantes. No foro colaboraron diversas entidades públicas e privadas, todas cunha experiencia probada no ámbito da inserción laboral local, estatal e internacional, como son os departamentos de emprego dos concellos de Ferrol e da Coruña, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a Confederación de Empresarios de Galicia, o Instituto Ga-

lego de Promoción Económica, a Escola de Negocios de NGB, a Fundación Barrié, FEUGA, FUAC, IGAPE, unha variada representación de conselleiros EURES e mais varias unidades propias, como a Universidade Sénior, a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e a Vicerreitoría de Relacións Internacionais.

En materia deportiva, a política da Universidade da Coruña aposta por un deporte de base nacido na propia universidade, ben sexa individual, colectivo, recreativo ou competitivo. Esta opción, flexible e atractiva, permite que cerca de 3.000 membros da comunidade universitaria elixan o deporte como forma de lecer e de mantemento.

Unha clara mostra da aceptación da liña desenvolvida estase a ver desde que en xuño se puxo en funcionamento a Sala de Mantemento do campus de Ferrol, que é un fito importante deste ano 2012.

Por último, a apertura e posta en marcha en maio do Centro Cultural Universitario no Campus de Ferrol, representa o dato máis importante do ano 2012 en materia cultural. O Centro dá cabida ás actividades deportivas, culturais e de voluntariado e ten recibido ata o de agora a visita de preto de cincocentos usuarios.

Na Coruña, as accións de intervención que tiveron lugar en Normal incluíron tres eventos salientables pola súa capacidade de convocatoria, así como por mostrar unha cultura alternativa e arriscada que se está a desenvolver no ámbito local, mais tamén internacional.

Bolsas e premios

Curso	Solicitadas	Concedidas	Denegadas	Incidencias
2011/2012	7.550	4.635	2.876	39
2012/2013	7.551	3.763	2.907	881

*Os datos do 2012-2013 son provisionais.

Cadro 157 **Bolsas dos programas xeral e de mobilidade do Ministerio de Educación**

	2011-2012	2012-2013
Solicitadas	97	158
Concedidas	35 (36%)	52 (33%)
Denegadas	62 (64%)	106 (67%)

Cadro 158 **Bolsas do Ministerio de Educación para colaboración en departamentos**

	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012
Colaboración en departamentos	110	110	119	127
Colaboración tarefas bibliográficas	82	76	39	43
Colaboración para formación complementaria	46	44	44	44
Total	238	230	202	214

Cadro 159 **Evolución do número de bolsas propias da UDC**

	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012
Colaboración en departamentos	158.400,00	166.100,00	190.080,00	178.416,00
Colaboración tarefas bibliográficas	104.140,00	101.460,00	47.520,00	39.729,60
Colaboración para formación complementaria	153.594,00	95.040,00	142.560,00	158.556,00
Total	416.134,00	362.600,00	380.160,00	376.701,60

Cadro 160 **Evolución da contía de bolsas propias da UDC**

	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012
N.º de bolsas	27	13	16	12
Importe total	29.160,00	14.000,00	17.232,00	12.924,00

Cadro 161 Evolución das bolsas da UDC para Atención á Diversidade

	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012
Crédito/euros	5.200,00	5.200,00	5.460,00	8.190,00
Axudas posibles	12	12	12	18
Axudas concedidas	0	4	1	3

Cadro 162 Evolución das axudas a gañadores de olimpíadas científicas

Curso	Asistentes
Técnicas de manexo da ansiedade e do estrés ante os exames	18
Habilidades comunicativas:Técnicas orais	63
Habilidades comunicativas: Técnicas escritas	16
Técnicas de estudo	16
Total	113

Cadro 163 Asistencia aos cursos do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiantado (SAPE)

	2011-2012	2012-2013
Concedidas	2.345	2.345
Denegadas	605	731
Total tramitadas	2.950	3.076

Cadro 164 Evolución das axudas para o bonobús universitario (campus da Coruña e de Ferrol)

	A Coruña	Ferrol	Total
Concedidas	135	10	145
Denegadas	44	4	48
Renuncias	16	4	20
Total tramitadas	195	18	213

Cadro 165 Axudas para residencias concertadas en 2012-2013

Titulación	Estudiante
Arquitectura Naval	Manuel Fraga Seoane
Enxeñaría de Propulsión e Servizos do Buque	Albino Pombo Silva
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Alicia Menéndez Fernández
Enxeñaría Mecánica	Pablo Morán Pereiro
Arquitectura	Érika Diz Pita
Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	Francisco Fernández Huerta
Bioloxía	Silvia Rodríguez Fernández
Química	Rocío Uzal Varela
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Carla da Silva Castro
Comunicación Audiovisual	Bárbara Fontela Baró
Educación Infantil	Cristina Ramilo Ríos
Educación Primaria	Ana María Fraga Martínez
Dereito	Ana Carlota Quelle Lloret
Administración e Dirección de Empresas	David Carpenente Porral
Administración e Dirección de Empresas + Dereito	Carmen Diéguez Rey
Enfermaría	Rebeca Otero Lorenzo
Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	Ariana García González
Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	Laura Méndez Casal
Fisioterapia	Noelia Taín García
Enxeñaría Informática	Martín Gómez González

Cadro 166 Estudiantes galardoados cos Premios UDC á Excelencia no Bacharelato en 2012-2013

	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013
Premios concedidos	24	15	18	15	20
Importe/euros	17.568	11.535	13.842	11.535	15.380

Cadro 167 Evolución dos Premios UDC á Excelencia en Bacharelato

Titulación	Estudiante
Licenciatura en Bioloxía	Alba García Ulloa
Licenciatura en Química	María Fernández Amado
Licenciatura en Economía	Adrián Gutiérrez Barrio
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	Simón Beceiro Cagiao
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	Ana Fernández Rico
Licenciatura en Dereito	Marta Estrada Novo
Licenciatura en Dereito	Ana Fernández Rico
Licenciatura en Dereito	Simón Beceiro Cagiao
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	Rocío Romero Otero
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	Noelia López Souto
Licenciatura en Filoloxía Galega	David Díaz Díaz
Enxeñeiro en Informática	Iago Abal Rivas
Licenciatura en Socioloxía	Bruno Pacchiotti Dans
Grao en Socioloxía	Laura Suárez Grimalt
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Miguel Cela López
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Sergio Rodríguez Teixeira
Arquitecto	Ángel Romo Sandoval
Arquitecto	Eduardo Anllo Seoane
Diplomatura en Máquinas Navais	Francisco Uzcategui García
Diplomatura en Máquinas Navais	Francisco José Echevarría Rubiños
Diplomatura en Navegación Marítima	Ainoa Juan Sancho
Licenciatura en Máquinas Navais	Ignacio Arias Fernández
Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	Jesús Bueno Álvarez
Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	Adrián Crespo Sánchez
Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas – Esp. en Construcións Cívís	Tamara Ferreiro González
Diplomatura en Fisioterapia	Katia Pigueiras Durán
Grao en Fisioterapia	María García López
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Pablo Pintor Mourazos
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Eva Mellid Sánchez
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Sara Beatriz Costela Viña
Grao en Enfermaría	Ana M.ª Martínez Cagiao
Diplomatura en Turismo	Vanessa Pena Barreiro
Licenciatura en Humanidades	Alfonso López Frieiro
Enxeñeiro Naval e Oceánico	Alberto Sánchez González
Grao en Enfermaría	Mercedes Piñeiro Abeledo
Diplomatura en Relacións Laborais	Mónica Tamara López Díaz
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Naiara Goicoechea Montero
Grao en Turismo	Marta Rey Rodríguez
Grao en Terapia Ocupacional	Araceli Lorenzo Núñez
Enxeñeiro Técnico Industrial – Especialidade Electricidade	Sergio Castro Díaz
Enxeñeiro Técnico Industrial – Especialidade Electrónica Industrial	Esteban Jove Pérez
Grao en Enxeñaría Eléctrica	Andrés Brañas Rodríguez
Enxeñeiro Técnico en Deseño Industrial	Rodrigo Germán Vázquez Iglesias

Cadro 168 Premios Extraordinarios Fin de Carreira 2011-2012

Deportes

Ao longo do ano, preto de 3.000 membros da comunidade universitaria elixiron o deporte como forma de gozar do seu tempo de lecer, ben nas instalacións propias, ben nas concertadas mediante convenios con outras institucións da Coruña e de Ferrol.

– O Día do Deporte na UDC celebrouse este ano no campus de Ferrol. Cerca de 120 persoas participaron na entrega de premios, onde houbo unha Menção Especial UDC Deportes 2012 ao taekwondista de elite Marco Carreira, pola súa dilatada traxecto-

ria internacional, mentres o Premio UDC Deportes 2012 foi outorgado ás regatistas Támara Echegoyen e Sofía Toro, en recoñecemento polos éxitos acadados durante a súa preparación olímpica e a súa culminación no Ouro Olímpico da categoría Elliot 6m. de Vela Olímpica.

– Nas ligas universitarias internas participaron 1.500 estudantes. Outro cento de estudantes participaron nos campionatos internos de modalidades de menor demanda (tenis, tiro con arco, pádel...)

Modalidade	Equipos
Fútbol-7	43
Baloncesto	23
Fútbol sala	46
Rugbi	4
Total	116

Cadro 169 Modalidades e participantes nas ligas universitarias en 2012

– Nos Campionatos Galegos Universitarios, a representación da Universidade da Coruña superou os 200 participantes. A UDC acadou resultados importantes, como a vitoria en 6 modalidades de equipo, que lles deron a algúns a posibilidade de participar nos Campionatos de España Universitarios.

– Un total de 115 deportistas da Universidade da Coruña participaron nos Campionatos de España Universitarios. O Consejo Superior de Deportes organizou un total de 22 campionatos. A UDC participou en 15 deles, o que significa que estivo presente no 68% das modalidades, unha das maiores participacións a nivel estatal. O total de participantes en deportes individuais foi de 73 persoas.

– No ámbito das competicións Internacionais cabe salientar a participación nos Campionatos Galaico Durienses coas tres universidades galegas e as tres do norte de Portugal (Minho, Porto e Utd) nas cidades de Valença e Tui.

– A Universidade da Coruña segue a estar representada nos deportes federados con equipos propios como é o caso do voleibol feminino e o tiro con Arco. Ademais, noutras modalidades mantemos convenios de colaboración, tal e como ocorre no fútbol co caso do Sporting Universidade e o Victoria C.F, co Crat, no caso do rugby e co Basket Coruña e o Universitario de Ferrol de baloncesto e co OAR Balonmán.

Deportista	Modalidade	Medalla
Manuel Uriz Corral	Xavelina	Ouro
Begoña Garrido Barro	800 m lisos	Bronce
Francisco J. Sieira Rodríguez	Taekwondo -87 kg	Ouro
Sabela Lonja Dios	Taekwondo -73 kg	Ouro
Aurora Pérez Fernández de Córdoba	50 m braza	Ouro
Aurora Pérez Fernández de Córdoba	100 m braza	Ouro
Aurora Pérez Fernández de Córdoba	200 m estilos	Bronce
Ana M. ^a Vidal Bouza e M. ^a José Corral Bouza	Voleipraia	Bronce

Cadro 170 Medallas de deportistas da UDC nos Campionatos de España Universitarios en 2012

- A Área de Deportes contou con máis de 40 actividades formativas, entre escolas deportivas, cursos deportivos, actividades náuticas e cursos de formación. Nas escolas ofertáronse 20 actividades, cunha participación superior ás 500 persoas.
- No apartado de mantemento físico merece especial atención, a posta en funcionamento da nova sala de Fitness do Campus de Ferrol, localizada na planta baixa do Centro Cultural Universitario, no Campus de Esteiro, que esta a ter, desde os seus inicios unha enorme aceptación e demanda por parte da Comunidade Universitaria do campus.
- Mantense o acordo de colaboración para o uso das instalacións deportivas da Xunta de Galicia (Elviña, Sardiñeira e Agra II). Non deben esquecerse os acordos cos concellos de Ferrol e de Narón para o uso das piscinas de Caranza, Esteiro, A Malata e A Gándara, polas que pasaron preto de 100 persoas da UDC.
- Nas actividades na natureza, abertas a persoas de fóra da comunidade universitaria, participaron preto de 250 persoas.
- A Universidade da Coruña organizou en febreiro o Campionato Galego Universitario de Deportes Colectivos e participou na organización do Campionato Galego Universitario de natación, do Campionato Galego Universitario de Orientación e no Campionato Galego Universitario de PDI-PAS. Igualmente, no XIII Campus Mauro Silva e nos Campamentos de Verán, actividades ambas dirixidas aos nenos.
- A nivel estatal, organizou, en colaboración coa Xunta, o Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo, o Campionato de España Universitario de Campo a Través. Así mesmo, participou na organización da fase interzonal dos Campionatos de España Universitario de fútbol sala e fútbol sete femininos e das fases finais dos campionatos de España universitarios.
- No ámbito internacional, participou nos Xogos Galaico Durienses, xunto coas outras universidades galegas e as do norte de Portugal.

Cultura

Síntese das principais actividades promovidas pola UDC no ámbito cultural, co Normal como centro organizativo.

Exposicións e festivais

- Do 22 de novembro de 2011 ao 31 de xaneiro mantívose a exposición *Marcela e Elisa*.
- *Nósomosón*, exposición que se encadraría como "arte sonora".
- Espazo Ixor, ciclo de música contemporánea dirixido por Pablo Coello con alumnado do Conservatorio Superior de Música da Coruña.
- *Poñer cousas en orde*, corenta días de imaxes, música, accións e palabras. Dentro deste evento programáronse trece obras de distintas características, charlas, obradoiros e música.
- Festival *Sinsal é Normal*. Ao longo dun mes de programación, organizáronse diferentes espazos de creación en que a música conectou con outras disciplinas. Incluíu de xeito paralelo a exposición *O disco é Normal*.

Residencias artísticas

- A compañía La Macana renovou a residencia artística en Normal, desta volta para perfilar a fase final dun novo proxecto.
- Residencia de Korokati.
- *Laboratorio de Instalación e Creación de La Brecha*, proxecto artístico multidisciplinar cunha instalación e dúas accións para explorar os límites entre lixo e materiais utilizables nunha obra de arte.
- *(Retro)visor*, a partir do libro do mesmo título publicado por Antía Otero.
- *Bego M. Santiago, little boxes*, vídeo-instalación "interactiva-reactiva".

Teatro e danza

- As novidades máis importantes foron a actuación da Aula de Teatro da UDC no centro penitenciario de Teixeiro, en colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado de Ferrol, e o festival Cinescena, actividade complementaria do FITEUC 2012

con catro visións cinemarográficas sobre o mundo do teatro.

- Na sesión inaugural do Festival Internacional de Teatro Universitario participou o grupo La Polea, de Costa Rica, así como grupos de Vigo, Santiago, Narón, Ourense e da Universidade de Beira Interior (Portugal).
- Dentro do ámbito da UDC e na liña de montar máis grupos de teatro e danza que os institucionais, creouse o grupo Corifeo.
- Producións propias. En teatro *Nosa señora das nubes*, dirixida por Rubén Ruibal e en danza *Unha cidade por ser*, dirixida por Rut Balbís. Esta última peza levouse en xira por diferentes festivais universitarios. O Teatro Universitario de Ferrol escenificou *Fanfarra*.

Cine

- *Viaxes, vidas*. Películas que falan das viaxes como experiencias transformadoras.

Obradoiros

- *Curso de Iniciación á Danza Contemporánea*.
- *Curso de Danza Normal*.
- *Iniciación ao Teatro*, dirixido a persoas que se inician na interpretación.
- *Teatro Normal*, ensaios e funcións dun espectáculo de teatro que representa a UDC en distintos festivais.
- *O Ollo da Arte*, obradoiro para coñecer e descubrir o feito *contemporáneo da creación artística con ollada propia*.
- *Aprender a Mirar*, curso de iniciación á fotografía.
- *Aprender a Fotografar*, curso de perfeccionamento da técnica fotográfica.
- *Supervivencia en SuperCollider*, orientado a persoas interesadas na aplicación creativa desta linguaxe informática.
- *Exterxido (Stencil)*, técnica artística de decoración.
- *Flamenco en Red*, curso de 50 horas de carácter semipresencial organizado polas universidades andaluzas.

Publicacións

O catálogo editorial que xestiona o Servizo de Publicacións enriqueceuse en 2012 coa incorporación de 23 novos volumes e seis novos números de publicacións periódicas. Puxéronse en acceso aberto, dentro do Repositorio Institucional (RUC), os números de 2011 das revistas da UDC xa incorporadas a esta aplicación, así como os volumes 51-130 da colección Cursos e Congresos.

O Servizo de Publicacións xestiona a cesión de códigos ISBN propios da editorial universitaria e xestiona os intercambios con outras universidades e institucións.

Libros e revistas publicados en 2012

Monografías

- Manuel Reyes García Hurtado (ed.). *Soldados de la Ilustración. El ejército español en el siglo XVIII*. (n.º 144)
- Concepción Varela Orol. *Crebas e naufraxios. A biblioteca de Fonseca nos séculos XVIII e XIX*. (n.º 145)
- Xulio Pardo de Neira. *Revolución plástica y vanguardia literaria en la Península Ibérica*. (n.º 146)
- Elvira Lindoso Tato. *Las empresas de la comarca de Valdeorras, 1883-1950*. (n.º 147)

Actas

- Agustín Pérez-Cruz Martín, Xulio Ferreiro Baamonde, Ana María Neira Pena (eds.). *Los retos del poder judicial ante la sociedad globalizada*. (n.º 125)
- Julián Jesús Pérez Fernández (ed.). *Andrés Gaos Berea: un achegamento á súa figura e á súa música, 1874-1959*. (n.º 126)
- Laura Nieto; Betania Groba; Thais Pousada; Javier Pereira (eds.). *Aplicación de las tecnologías de la información y las comunicaciones en la vida diaria de las personas con discapacidad*. (n.º 127)
- Olivia Rodríguez González; Laura Carballo Piñeiro; Burghard Baltrusch (eds.). *Novas achegas ao estudo da cultura galega II. Enfoques socio-históricos e lingüístico-literarios*. (n.º 128)

- Goretti Sanmartín Rei (ed.). *Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre lingua e usos*. (n.º 129)
- José María Paz Gago e outros (eds.). *Culture of Communication / Communication of Culture. Proceedings of the 10th World Congress of the International Association for Semiotic Studies*. (n.º 130)
- David Rodríguez López (ed.). *Cátedra Jorge Juan. Ciclo de conferencias: curso 2010-2011*. (n.º 131)

Manuais

- José María Sáiz Jabardo; Alberto Arce Ceinos; Isabel Lamas Galdo. *Transferencia de calor*. (n.º 32)

Homenaxes

- Enrique Couceiro Domínguez; Eloy Gómez Pellón (eds.). *Sitios de la Antropología. Patrimonio, lenguaje y etnicidad. Textos en homenaje a José Antonio Fernández de Rota*. (n.º 11)

Nova Terra

- Lidia Rodríguez Méndez. *Análisis de la estructura varisca y alpina en la transversal Sallent-Biescas: Pirineos Centrales, Huesca*. (n.º 41)

Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor

- Julio Montero; Paulino Pereiro; Juan Pérez Berná. *Música escénica. Tres propuestas*. (n.º 69)
- Iolanda Ogando; Laura Tato Fontañá (eds.). *Textos recuperados. De Galo Salinas a Castelao*. (n.º 71)

Anexos de Revista de Lexicografía

- Félix Córdoba Rodríguez. *Niceto Alcalá-Zamora y el Diccionario de la Academia*. (n.º 17)
- Hermógenes Perdiguer Villarreal; M.^a Nieves Sánchez González de Herrero; Ángeles Líbano Zumalacárregui. *Aspectos léxicos en los becerros de Valpuesta*. (n.º 18)

Monografías de Revista Galega de Filoloxía

- Goretti Sanmartín Rei (ed.). *Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega. Homenaxe a Manuel García Blanco*. (n.º 7)

Colección de materiais didácticos de dereito e cine

- Juan José Pernas García (coord.). *El Derecho Administrativo en el cine*. (n.º 1)
- Sonia García Vázquez (coord.). *El Derecho Constitucional en el cine*. (n.º 2)
- Eloy Gayán Rodríguez; Ramón Santiago Paz Lamela; José Joaquín Vara Parra (coords.) *El Derecho Internacional Privado en el cine*. (n.º 3)
- Benjamín Rivaya García; Juan Antonio Gómez García (coords.) *Filosofía del Derecho y Cine*. (n.º 4)

Revistas

- Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo 2, 2011
- ROTUR. Revista de ocio y turismo 4, 2011
- Revista de Lexicografía 17, 2011
- Revista Galega de Filoloxía, 13, 2012
- Revista GP de Psicoloxía e Educación 20, 2012
- Anuario da Facultade de Dereito 16, 2012

	2008	2009	2010	2011	2012
Libros	33	31	21	22	23
Revistas	9	10	11	6	6

Cadro 171 Evolución do número de publicacións da UDC

	2008	2009	2010	2011	2012
Libros recibidos	1.116	1.007	1.101	519	855
Revistas recibidas	460	436	442	264	412
Libros enviados	1.450	1311	1243	447	748
Revistas enviadas	804	1.078	500	729	199

Cadro 172 Evolución do intercambio de libros e revistas



Cursos, conferencias e seminarios

A Oficina de Cursos, dependente da Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, desenvolve ao longo do ano 2012 a coordinación de cursos, xornadas, seminarios, encontros e ciclos de conferen-

cias. Estas actividades organízanas centros, departamentos, profesores e colectivos que se acollen ás distintas convocatorias de axudas que fai a vicerreitoría.

Xornadas	Responsable
Xornadas sobre Tecnoloxía Erlang/Otp (Erlang Camp)	Laura Castro Souto
VIII Xuntanza Tecnolóxica Empresa-Universidade	Isabel Fernández Ibáñez
Xornada de Introducción á Xestión da Innovación	M.ª Jesús Freire Seoane
Espazos Polares e Quecemento Global: Desafíos Xurídico-Internacionais	Marta Sobrido Prieto
Xornada sobre Seguridade Marítima	Fernanda Miguélez Pose
IV Xornadas de Iniciación ao Anelamento Científico de Aves	Ramón Muíño Boedo
II Xornadas sobre Procedemento Concursal e Créditos Laborais	Margarita Orduna Vela
III Xornadas sobre o Oficio do Sociólogo: Publicidade e Investigación de Mercados	Laura Oso Casas
XVII Xornadas de Filosofía e Metodoloxía Actual da Ciencia	Wenceslao J. González

Cadro 173 **Xornadas con subvención da UDC en 2012**

Ciclo	Responsable
Modernidade e Contemporaneidade na Arquitectura de Galicia	José Ramón Alonso Pereira
XI Ciclo Ciencia e Cultura	Moisés Canle López
Ciclo de Conferencias Olímpicas "25 Aniversario"	Xurxo Dopico Calvo
Ciclo de Conferencias: Crise Económica, Crise de Dereito?	Alejandro Fernández Barreiro Jaime Rodríguez-Arana Muñoz
IX Ciclo de Conferencias Perspectivas da Investigación Química Actual	Carlos Jiménez González
Ciclo de Conferencias: Moitas Grafías. Comunicar Arquitectura 1	Plácido Lizancos Mora
Ciclo de Conferencias New Trends in English Studies VIII	M.ª Jesús Lorenzo Modia
III Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte	M.ª José Mosquera González
Da Palabra ao Relato: Ciclo de Conferencias de Lingua e Literatura	José I. Pérez Pascual
Seis Olladas de Preto. Sexta Panorámica da Arquitectura Construída na Proximidade	Patricia Sabín Díaz
III Ciclo de Conferencias sobre Restauración do Patrimonio Arquitectónico: Memoria e Materia	José R. Soraluze Blond
Project Manager e Enxeñaría de Edificación, Innovacións	Ramón Vázquez Fernández

Cadro 174 **Ciclos de conferencias con subvención da UDC en 2012**

Título	Responsable
I Seminario de Coaching "Desafíate!! El Nuevo Lema del Líder"	M. ^a Jesús Alonso Seoane
II Curso de Verán: A Evolución do Turismo no Marco da Sociedade Global: Retos para a súa Planificación e Xestión	María José Andrade Suárez
Da Fotografía ao Cinema: Pegadas do Real	David Castro de Paz
Estratexias Urbanas para Tempos de Crise	Cristóbal Crespo González
Obradoiro de Teatro do Oprimido para a Transformación Social e Educativa	Laura Cruz López
VI Curso Temático Sobre Educación Infantil da Mariña: Literatura Infantil: Moito Máis que Conto	Xesús Ferreiro Núñez
Unha Visión Multidisciplinar da Innovación na Industria Galega	M. ^a Inés García Seijo
Emprender: Unha Perspectiva de Xénero	Ana Jesús López Díaz
A Educación no Sector Turismo: O Novo Contexto Económico-Social	Rosa María Mariz Pérez
Diseño Mecánico 3D con SOLID EDGE ST4 (Nivel Básico e Avanzado)	Juan de Dios Rodríguez García
II Curso de Verán sobre Economía do Deporte	José Manuel Sánchez Santos
VIII Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua. Dinamización Lingüística e Xustiza Social	Goretti Sanmartín Rei
Ciencias Sociais, Educación e Sociedade: Realidade, Presente e Futuro	Uxío-Breogán Diéguez Cequiel
The Future Of The European Union II: Demographics, Education, And Sustainability (O Futuro da Unión Europea II: Demografía, Educación e Sustentabilidade)	Diego Varela Pedreira

Cadro 175 Cursos de verán da UDC en 2012

Actividades complementarias

A Universidade organizou outras actividades de carácter social e familiar, entre as que salientan os campamentos para rapaces e rapazas en Semana Santa e no verán. A matrícula ábrese tamén a familias alleas á comunidade universitaria.

O XIII Campus Mauro Silva desenvolveuse nas instalacións da Facultade de Ciencias do Deporte a Educa-

ción Física durante a Semana Santa. Participaron 175 nenos e nenas de entre 4 e 12 anos, na súa maioría fillos de membros da comunidade universitaria.

Por outra banda, nos campamentos de verán organizados en xuño e xullo, nas distintas quendas e modalidades, participaron un total de 268 nenos e nenas de entre 4 e 12 anos.

Campamento	Nenos/as
Campamento de inglés (A Coruña)	49
Campamento de inglés (Ferrol)	93
Campamento multideportivo (A Coruña)	126
Total	268

Cadro 176 Asistencia aos campamentos de verán da UDC en 2012